

CONVOCATORIA DA GRATUIDADE SOLIDARIA DE LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO 2015/2016

INFORMACIÓN SOBRE A SOLICITUDE DE AXUDAS DE LIBROS DE TEXTO PARA O VINDEIRO CURSO 2015/2016

Normativa aplicable: *Orde do 22 de maio do 2015 (DOG do 1 de xuño)*

Como novidade importante, sinalamos que haberá dúas modalidades:

1. Solicitudes fondo solidario → para o alumnado de 2º e 4º ESO
2. Solicitudes de axudas → para o alumnado de 1º e 3º ESO

Os prazos no periodo ordinario (xuño/xullo) son os seguintes:

1. Solicitudes fondo solidario → do 2 de xuño ao 30 de xuño de 2015
2. Solicitudes de axudas → do 25 de xuño ao 27 de xullo de 2015

A Dirección Xeral de Recursos Humanos informa que os centros teñen a obriga de recoller os libros que foron adquiridos co vale das axudas do curso escolar 2014/2015 para incorporalos ao fondo solidario de acordo co previsto no artigo 14 letra d) da *Orde do 28 de maio de 2014* (Diario Oficial de Galicia do 30 de maio de 2014).

Todo o alumnado beneficiario de axudas no curso 2014/2015 ten a obriga de devolver os libros no centro antes do 19 de xuño. Os libros deberán estar en bo estado de forma que poidan ser reutilizados.

A falta de devolución dos libros é causa de exclusión tanto do fondo solidario como das convocatorias de axudas.

A vindeira semana comunicaremos ao alumnado afectado os libros que cadaquén debe devolver (esta información vennos facilitada pola propia Consellería) **e o día exacto en que recolleremos ditos libros na propia aula.**

Aqueles alumnos/as que teñan materias pendentes para setembro poderán recoller os libros que precisen unha vez recibido o boletín de notas. (eses libros recolleranse en setembro).

Santiago, a 2 de xuño do 2015

